


FORUMMETROPOLITANO

**MÚSICA DE
CÁMARA NO
FORUM**



**Ayuntamiento de La Coruña
Concello de A Coruña**

ANO II - N.º 3

**QUINTETO DE METAIS
"GUARNER BRASS"**

**Trompeta invitado:
JUAN LOIS DIEGUEZ**

**Obras de: Haendel, Crespo,
Rodríguez, Mozart**

**ORGANIZA:
AULA DE MÚSICA DE CÁMARA
CONSERVATORIO DE MÚSICA - A CORUÑA**

**MÁIS INFORMACIÓN EN:
<http://www.xente.mundo-r.com/musicadecamara>**

**LUNS, 1 de decembro
20:00 horas**

PROGRAMA

G. F. HAENDEL (1685-1759) (Arr.: I. Pantín)	<i>Saranbande</i>
E. CRESPO (n. 1941)	<i>Suite Americana</i>
	I. Ragtime
	II. Bossa Nova
	III. Vals peruano
	IV. Samba gaucha
	V. Son de México

G. M. RODRÍGUEZ (1897-1948) *"La comparsita"*
(Arr.: S. Kompanek)

W. A. MOZART (1756-1791) *"A Raiña da Noite"*

H. EVERS (n. 1925) *"The wooden Devils"*

Tradicional *"Virxe da Macarena"*
(Arr.: J. Viceiro)

Tradicional *"Just a closer walk"*

QUINTETO DE METAIS "GUARNER BRASS"

◆ **Vicente Castro Corral.** (trompeta) Nacido nas Pontes de García Rodríguez o 21 de novembro de 1978, onde empeza a cursar os seus estudos de grao medio e rematando o superior nos conservatorios da Coruña e Santiago. Asiste a cursos e Master Class con trompetistas de prestixio nacional e internacional: como Fierre Thibaud, Claude Vasse (Profesores do Conservatorio de París), Leopoldo Vidal (Catedrático de trompeta no Conservatorio de Valencia), Luis González Martí (Solista da Sinfónica de Madrid), entre outros... Realiza cursos de dirección de Banda e Grupos orquestrais impartidos por J. Vicente Egea. Foi alumno da Escola de Altos Estudos Musicais no ano da súa creación. Exerce como subdirector na Banda das Pontes. No curso 00-01 foi profesor de instrumento na "Escola de Música" de Ortigueira. Na actualidade é profesor de metal na Escola de Música da Asociación Cultural "Robaleira" (Vila de Cedeira) e trompeta da Banda Municipal de Ferrol. Destaca-la colaboración con distintas bandas da comarca. No verán de 2002 actúa como solista na clausura do curso "Ciudad de Paiporta" (Valencia). É membro do quinteto de metais "Guarner Brasa".

◆ **Julio Trastoy Pico.** (trompeta). Comeza os seus estudos musicais á idade de 8 anos no Conservatorio Municipal de Vilalba. Continúa os seus estudos no Conservatorio Estatal Superior da Coruña co profesor Andrés Vales ata o día de hoxe. Realizou cursos de perfeccionamento con profesores do talle de: Fred Millis, Enrique Rioja, Luurs Metais e Madrid Brass. Formou parte da "Banda

Sinfónica das Rías Altas" e colaborou coa "Orquestra Sinfónica de Xove". Participou como alumno no curso de dirección de Jan Cober. Actualmente é músico da "Banda de Música de Vilalba", colabora activamente nas bandas de Guitiriz e na de Pastoriza, sendo nesta última profesor de metal na Escola de Música.

◆ **Iván Pantín Vázquez.** (tuba). Nace en Miño (A Coruña), en 1982 e comeza os seus estudos musicais co tubista D. Raúl Galán Cerveró no Conservatorio Elemental de Betanzos. Máis tarde continúa os seus estudos no conservatorio Estatal Superior de Música da Coruña onde actualmente está matriculado no primeiro curso de grao superior. Neste período impartíronlle clases, respectivamente, Alfonso Molla Castells, Raúl Galán e Antonio Rodríguez Iborra; á súa vez participou en cursos de perfeccionamento con prestixiosos mestres como: Miguel Moreno, Miguel Navarro, Vicente López, Pedro Castaño, Vicente Castelló, Mario Torrijo, Mel Culbetson, Thierry Tibault, Martí Ericsson, Jon Sass, Steven Mead, David Llúcer,... Foi membro da E.P.O. da O.S.G. e actualmente é membro do Guarner Brass, da Banda Ferrolá de Música e da Banda Municipal de Betanzos.

◆ **José Antonio Louzao Fernández.** (trombón) Nace en 1985, en Betanzos (A Coruña). Os 9 anos empeza os seus estudos musicais no Conservatorio Municipal. Tres anos máis tarde ingresa no Conservatorio Estatal Superior da Coruña coas máximas cualificacións. Foi invitado a unha clase maxistral impartida por Spanish Brass (Luur-Metalls). Realizou cursos con profesores como Enrique Crespo, Michel Becquet, Indalecio Bonet, Antonio Pallares, Joaquín Vicedo, etc. Masterclass con Christian Lindberg. No ano 2002 con tan so 16 anos foi invitado persoalmente polo solista da Orquestra Nacional de Francia, Jól Vaisse, a visitar Francia para realizar unha audición ante o catedrático do Conservatorio Nacional de París, G. Millier, e a participar coa Orquestra Nacional de Francia, tocando tamén coa Orquestra Sinfónica de Región (París). Realizou varios concertos como solista con diversas agrupacións musicais, destacando a Banda Municipal de Betanzos que foi coa que empezou. Neste mesmo ano tamén ingresa na escola de "Altos Estudos Musicais de la Real Filarmonía de Galicia". Actualmente compaxina a praza de trombón 1º na Banda Municipal de Ferrol, cursando os seus estudos musicais no Conservatorio Estatal Superior de Música da Coruña, coa de profesor de trombón na Escola de Música de Silleda (Pontevedra). Ten como profesores a Arturo Centelles Fabado (profesor do Conservatorio Superior da Coruña), Jon Ettcberk (solista da Orquestra Sinfónica de Galicia) e Joel Vaisse (solista da Orquestra Nacional de Francia).

◆ **Antonio Lagares Abeal.** (trompa) Nace en Betanzos, en 1986 (A Coruña). Comeza os seus estudos á idade de 11 anos no Conservatorio Municipal de Betanzos cos mestres D. José Pita e D. Raúl Galán Cerveró. En 1996 ingresa na banda municipal de música de Betanzos e en 1999 ingresa no Conservatorio Superior de Música da Coruña co profesor D. Juan Bernat Alcalde co que continúa os seus estudos. No curso 2001/2002 pasa a formar parte da "Joven Orquesta de la Sinfónica de Galicia." Realizou cursos de perfeccionamento con grandes músicos como Manuel Pérez, Javier Bonet Manrique, Jean-Jacques Justafre, Luis Morató, Miguel Martínez Mejías e David Bushel. Tamén asistiu a clases maxistras impartidas por grandes instrumentistas como Fred Millis, Enrique Crespo, Michel Becquet e Christian Lindberg. No campo da música de cámara realizou cursos cos grupos Spanish Brass Luur Metalls e Iber Brass coñecendo a un dos trompetas do prestixioso quinteto Canadian Brass. Colaborou con distintas agrupacións comarcais. É membro fundador do quinteto de metais "Guarner Brass".